

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN RONSEL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE MELLORA DA EMPREGABILIDADE DIRIXIDAS ÁS PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O/A secretario/a xeral da Emigración da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Ronsel o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Que a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrência pública.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de facilitar o dereito a regresar a Galicia das persoas emigrantes galegas e mais da súa descendencia, e recolle como un dos obxectivos promover a integración laboral por conta allea das persoas galegas retornadas e intensificar o apoio ao emprendemento e ao autoemprego das persoas galegas retornadas, en especial no rural galego.

Na actualidade e atendendo ás cifras dos últimos anos, Galicia estase a converter en terra de retorno. Así, a Estatística de Variacións Residenciais do INE de 2021 mostra un saldo migratorio positivo na comunidade, é dicir, cun número maior de entradas que de saídas, alcanzando un total de 14.448 persoas. Os datos provisionais do primeiro semestre de 2022 arrojan un saldo migratorio positivo de 12.768 persoas que consegue reverter novamente o saldo vexetativo negativo.

Esta nova realidade social e económica trae consigo novos retos: ofrecerlles e procurarlles ás persoas galegas retornadas unha cobertura integral das súas necesidades básicas, facilitarlles a súa integración educativa e laboral. A dita poboación retornada atópase, en moitos casos, con dificultades para acceder a un posto de traballo. Esta problemática deriva maioritariamente dunha falta de formación específica en temas de capacitación profesional, homologación de títulos e ausencia de coñecementos en técnicas de procura de emprego.

Ante esta realidade é preciso desenvolver accións específicas encamiñadas a mellorar a empregabilidade da poboación retornada. A fundación Ronsel desenvolve un programa específico que aborda de xeito integral as necesidades das persoas retornadas mediante itinerarios individualizados en función dos seus requirimentos específicos de emprego encamiñados a conseguir a plena inserción sociolaboral das persoas retornadas. O interese público desta actuación radica en que incide directamente na mellora da empregabilidade das persoas galegas retornadas a Galicia contribuíndo a obxectivos estratéxicos de actuación desta comunidade autónoma para o período 2022-2030 tanto desde un punto de vista demográfico como de competitividade e crecemento recollidos en documentos de planificación vixentes como a Estratexia Galicia Retorna 2023-2026 e o



Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, polo que, a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular e excepcional, a cal non se enmarca nunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrência pública, segundo o disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para desenvolver as accións de mellora da empregabilidade dirixidas ás persoas emigrantes retornadas especificadas nas metodoloxías recollidas no Anexo I e II.

O programa vai dirixido ás persoas galegas retornadas, aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga e á súa descendencia. O obxecto xeral é favorecer a empregabilidade por conta allea das persoas retornadas, así como a integración empresarial con programas de mentores/as dirixidos a emprendedores e emprendedoras galegos retornados, nos que se presta un servizo de acompañamento por medio da figura do/a mentor/a que reforce as súas habilidades e fortalezas para potenciar e consolidar os seus proxectos profesionais cunha maior garantía de éxito e contribuír, deste xeito, a mellorar a competencia e produtividade do seu negocio na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Ronsel é unha fundación de carácter privado sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2000/19. Ten por obxecto nos seus estatutos o desenvolvemento e fomento económico galego e, moi en particular, a creación de emprego, así como a mellora competitiva do tecido empresarial. Así mesmo, ten acreditada unha ampla experiencia no desenvolvemento de servizos de asesoramento para a orientación laboral e programas específicos dirixidos ás persoas de orixe migrante, entre as que están incluídas as persoas emigrantes retornadas, así como no desenvolvemento de programas dirixidos a prestar asesoramento e orientación aos/as emprendedores/as para o establecemento do seu negocio. É de destacar que leva traballando máis de 20 anos con distintos programas e servizos que promoven a mellora da empregabilidade das persoas xa sexa por conta allea ou por conta propia.

A fundación é un referente en Galicia no uso da ferramenta de mentoría e é membro desde o ano 2015 da rede de *Youth Business Spain*, que pertence á rede *Youth Business International* (presente en 62 países), coa que desenvolve esta metodoloxía de mentoría co obxecto de promover e prestar apoio ao emprendemento, principalmente dirixida ao autoemprego e a creación de emprego. A Fundación Ronsel aplica unha metodoloxía de mentoría na que o mentor ou a mentora traballan mediante a transferencia da súa experiencia e coñecementos á persoa aprendiz, contribuíndo así ao seu crecemento profesional e persoal, sen interferir na súa toma de decisións.

Esta fundación desenvolve programas dirixidos a reforzar a empregabilidade por conta allea das persoas retornadas, e programas de mentores/as dirixidos a emprendedores e emprendedoras galegos retornados, nos que se presta un servizo de acompañamento por medio da figura do/a mentor/a que reforce as súas habilidades e fortalezas para potenciar e consolidar os seus proxectos profesionais cunha maior garantía de éxito e contribuír a mellorar a competencia e produtividade do seu negocio na Comunidade Autónoma de Galicia.



O programa de mentoría está dirixido a un mínimo de 90 persoas emprendedoras, ao que hai que sumar, como novidade, as actividades de orientación laboral dirixidas a un máximo de 250 persoas emigrantes retornadas.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de douscentos mil euros (200.000,00€). Esta achega farase con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro e carece da liquidez precisa para afrontar o proceso de selección e os custes salariais dos profesionais que estima necesarios para a atención de todo o programa. A natureza dos servizos de apoio que se prestarán ás persoas galegas retornadas nos que se vai levar a cabo unha orientación laboral e un proceso de mentorización, ámbolos dous con itinerarios personalizados, fai preciso contar cun equipo de orientadores laborais e un equipo de mentores durante a duración de todo o proceso, que contén coa preparación precisa para garantir o éxito do programa.

Por outra banda, faise imprescindible para a calidade do programa, que este persoal teña experiencia e estabilidade e non estea suxeito a posibles cambios ou interrupcións, xa que debido ás especiais características do colectivo destinatario, persoas retornadas procedentes do estranxeiro, que descoñecen o funcionamento do mercado de traballo e que veñen de realidades sociais distintas, fai necesario un apoio personalizado e o traballo por parte dun equipo profesional estable que posibilite o desenvolvemento do programa nun marco de confianza entre o equipo e as persoas participantes.

Polo tanto, co fin de que as actividades poidan programarse coa necesaria anticipación, comezar o antes posible e evitar que se produza ningunha interrupción ou cambio nos equipos que participan no desenvolvemento do programa e no seguimento individualizado que se lle fai a cada un dos participantes, considérase xustificada a necesidade do pagamento anticipado do oitenta por cento (80%) da contía total da subvención, atendendo ao disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O importe restante librarase no momento en que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda, sen que en ningún caso, o importe pagado sexa superior ao importe xustificado, ata o límite do importe concedido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O/A secretario/a xeral da Emigración

P.S. (Decreto 108/2022, do 16 de xuño)

A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais

Maria Lorena Antelo Romero

